



**CONCELLO
DE CARIÑO**



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A
CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 5 DE ABRIL DE 2024**

ASISTENTES

ALCALDE

Ana Mª López Fernández

**CONCELLEIROS/AS
GRUPO P.P**

Miguel A. Pérez Fraguela
Laura García Ruíz
Miriam Rodríguez Fernández
Alberto Balado Ramonde

GRUPO PSGA-PSOE

José M. Alonso Pumar
Jonathan I. Miranda Lucas

GRUPO BNG:

Adrián Pernas Lamas
Carlos Castro Durán
Nuria Oliveira Álvarez
(incorpórase ás 20:10 horas)

AUSENTE

Carmen del Río Fraguela

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA:

Ausente

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día cinco de abril de dous mil vinte e catro, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia da Alcaldesa, Ana Mª López Fernández. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

ORDE DO DIA:

**1.- COÑECEMENTO DA TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRO DO BNG:
NURIA OLIVEIRA ÁLVAREZ**



**CONCELLO
DE CARIÑO**



**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES:
01/02/2024 E 08/02/2024.**

**3.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA
SESIÓN ORDINARIA: DO 27/2024 DE 02/01/2024 ATA O 122/2024, DE 01/04/2024.**

4º.- MOCIÓNS

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

.....

**1.- COÑECEMENTO DA TOMA DE POSESIÓN DA CONCELEIRA DO BNG:
NURIA OLIVEIRA ÁLVAREZ**

Procédese á toma de posesión como concelleira do grupo municipal do BNG por parte de Nuria Oliveira Álvarez, que presta xuramento no presente acto do seu cargo.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES:
01/02/2024 E 08/02/2024**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión de 01/02/2024, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Non existindo observacións, a acta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes, coa abstención de Nuria Oliveira Álvarez, por non asistir á mesma.

A continuación procédese á votación da acta da sesión de 08/02/2024, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes, coas abstencións de Miguel A. Pérez Fraguela e Nuria Oliveira Álvarez, por non asistir á mesma.

**3.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA
SESIÓN ORDINARIA: DO 27/2024 DE 02/01/2024 ATA O 122/2024, DE 01/04/2024.**



CONCELLO
DE CARIÑO



O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, dáse por enterado dos Decretos de referencia.

4º.- MOCIÓNS

4.1.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CAMBIAR O NOME DA AVENIDA MANUEL FRAGA IRIBARNE, A RÚA LANDÍN CARRASCO E DO CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE, EM CUMPRIMENTO DA LEI 20/2022, DE 19 DE OUTUBRO, DE MEMORIA DEMOCRÁTICA (RE 18/03/2024) (EXPDTE 2024/X006/0000025).

A continuación transcríbese de forma literal a moción presentada polo BNG:

“O artigo 35.2 da Lei de Memoria Democrática (LMD) sinala: “Serán considerados elementos contrarios á memoria democrática as referencias realizadas en topónimos, no ruero ou nas denominacións de centros públicos, da sublevación militar e da Ditadura, dos seus dirixentes, participantes no sistema represivo ou das organizacións que sustentaron a ditadura, e as unidades civís ou militares de colaboración entre o réxime franquista e as potencias do eixo durante a Segunda Guerra Mundial”. O artigo 40 da LMD sinala sobre a revisión de recoñecementos, honores e distincións, “as administracións públicas, no exercicio das súas competencias e segundo os correspondentes procedementos, adoptarán as medidas oportunas para revisar de oficio ou retirar a concesión de recoñecementos, honores e distincións anteriores á entrada en vigor desta lei que resulten manifestamente incompatíbeis cos valores democráticos e os dereitos e liberdades fundamentais, que comporten exaltación ou enaltecemento da sublevación militar, a Guerra ou a Ditadura ou que fosen concedidas con motivo de formar parte do aparato de represión da ditadura franquista”. O artigo 1.3 da LMD declara “ilegal o réxime xurdido da contenda militar iniciada co golpe militar do 18 de xullo de 1936”. En consecuencia, serán tamén ilegais todos os cargos nomeados na ditadura franquista como ministros, alcaldes, gobernadores civís etc.. Unha sentenza do Tribunal Supremo de 15 de decembro de 2022 marca xurisprudencia e sinala que para retirar a rúa ou distinción a unha persoa non é necesario demostrar a participación nos tres feitos históricos recollidos na LMD: sublevación militar, guerra civil e ditadura, senón que se considera un acto de exaltación se participou nun deles. A AVENIDA MANUEL FRAGA Biografía do “Camarada Fraga, servidor do franquismo” Un colectivo de 41 presas e presos políticos de Galiza na ditadura, co apoio de 62 historiadoras e 56 entidade de toda Galiza, facían público en decembro de 2018 o manifesto NON QUEREMOS O “CAMARADA FRAGA” COMO FILLO ADOPTIVO, que pode servir

como breve biografía do ministro de Franco. Como persoas presas políticas galegas na ditadura, que sufrimos a represión, queremos difundir esta biografía, non autorizada, do “Camarada Fraga” porque despois de 43 anos da morte do ditador Franco asistimos a unha ofensiva das forzas da dereita e ultradereita, todas con raíces franquistas, que poñen en perigo a democracia e as conquistas sociais. Tolerancia cero co franquismo. Ningún ministro de Franco pode seguir mantendo distincións honoríficas polos servizos prestados a unha ditadura criminal, catalogada pola Asemblea das Nacións Unidas en 1946 ao mesmo nivel que a Alemaña nazi ou o fascismo de Mussolini. O ditador Franco sempre estivo moi agradecido ao “Camarada Fraga” (era o tratamento entre os fascistas, como recollía o BOE de 9 de febreiro de 1961) polos servizos prestados á ditadura: “Cesa el camarada Manuel Fraga Iribarne en el cargo de Delegado Nacional de Asociaciones de Falange Española Tradicionalista y de las JONS, agradeciéndole los servicios prestados”. Manuel Fraga tivo unha traxectoria de máis de 35 anos de militancia franquista ou fascista. Afiliouse moi novo a Falanxe, en 1937; militante e delegado de curso do SEU (Sindicato Español Universitario de Falange Española). Ocupou desde 1951 numerosos cargos políticos na ditadura: conselleiro nacional do Movemento (o partido único); cando se constitúe por decreto do “Mando Nacional del Movimiento” de 13 de maio de 1961 a “Estructura y miembros del IX Consejo Nacional de Falange”, figura como Presidente do Instituto de Estudos Políticos e chega así a procurador das Cortes franquistas, cargo que ocupou durante varias lexislaturas; foi tamén membro do Consello de Estado. Esta era a opinión de José Bergamín, escritor, poeta e dramaturgo, que despois do golpe fascista de 1936 presidiu no exilio a Alianza de Intelectuais Antifascistas: “En mi vida he visto mucha gente con fama de fascista o que quería profesar el fascismo, pero sólo he conocido dos de verdad: uno fue José Calvo Sotelo, la otra es Manuel Fraga”. Para José Manuel Caballero Bonald, escritor e premio Cervantes 2012, “Fraga se convirtió en uno de los máximos secuaces de la camarilla de Franco y sus actuaciones represivas propiciaron durante años la falta de libertades y la persecución de disidentes. Fue en puridad un cómplice de algunos de los asesinatos llevados a cabo en la última década del franquismo”. Dentro da biografía secuestrada de Fraga está a súa simpatía e admiración polas ideas do fascismo e a negación do Holocausto xudeo, e asinaba en abril de 1971 con outros significados fascistas un manifesto do Comité Español para a liberación de Rudolf Hess (número dous de Adolf Hitler), que solicitaba a súa liberdade porque estaba no cárcere alemán de Spandau. Xuntamente con outros ministros da ditadura franquista, coñecidos como os “Siete Magníficos”, Fraga promove Alianza Popular (AP), que se convertería en Partido Popular (PP) en 1989. Os medios de comunicación recollían así as raíces franquistas deste partido: «NEOFANQUISTAS ENTUSIASMADOS CELEBRARON SU PRIMER CONGRESO. Los siete líderes de Alianza Popular anunciaron su federación y el paso hacia un partido único. Gritos de Franco, Franco de 3.000 fervorosos congresistas» (Portada do xornal Diario 16 de 7 de marzo de 1977). Hai



moitos exemplos da falta de humanidade de Fraga. Na folga da minería asturiana de 1962 chamou “piojosas” ás mulleres dos mineiros que foron rapadas no cuartel da Garda Civil, golpeadas, humilladas e paseadas polas rúas de Langreo.

O “Camarada Fraga” entraba no goberno de Franco en 1962 como ministro de Información e Turismo e foi partícipe e cómplice de toda a política represiva que se aprobaba no Consello de Ministros: fusilamentos, cárceres, campos de concentración, despedimentos, exilio, Tribunal de Orde Público (TOP), graves violacións dos dereitos humanos, expedientes a xornalistas, peche de medios de comunicación e asasinatos de traballadores. Abandona o goberno de Franco en 1969, pero regresa ao Consello de Ministros co último Goberno de Carlos Arias Navarro, sendo vicepresidente para Asuntos de Interior e ministro da Gobernación. Durante o seu mandato neste ministerio, de decembro de 1975 a xullo de 1976, a policía asasinaba a cinco traballadores en Vitoria con motivo dunha folga laboral. No tradicional Vía Crucis que organizaban os Carlistas en Montejurra (Navarra), un grupo de fascistas, dirixidos por un comandante do exército, asasinaba dúas persoas. Fraga participou activamente na política de represión contra o idioma galego e os medios de comunicación. Só no período de abril de 1968 até abril de 1969, Fraga abriu 201 expedientes administrativos que, en aplicación da Lei de Prensa e Imprenta de 1966, culminaron en 118 sancións. Durante os meses previos á concesión do título de Fillo Adoptivo, Fraga sancionaba con cinco multas a La Voz de Galicia pola publicación de artigos de opinión e noticias sobre as folgas de estudantes e multaba con 50.000 pesetas ao subdirector dese xornal, Francisco Pillado Rivadulla, pola publicación o 26 de xullo de 1968 do artigo de Augusto Assía “Sobre el idioma gallego”. Fraga perseguiu especialmente a obra de Castelao, prohibindo a difusión de Sempre en Galiza. Alberto Míguez foi multado con 50.000 pesetas e condenado polo Tribunal de Orden Público (TOP) a seis meses de cárcere pola publicación en 1965 de “El pensamiento político de Castelao” pola editorial Ruedo Ibérico. Fraga xustificaba a represión e o Estado de Excepción de 24 de xaneiro de 1969 “para luchar contra las acciones minoritarias sistemáticamente dirigidas a alterar la paz española (...) y evitar que se arrastre a la juventud a una orgía de nihilismo y anarquía”. Mantiña excelentes relacións con fascistas e ditadores de todo o mundo como Hugo Banzer de Bolivia ou Pinochet de Chile. Xustificou os crimes dos GAL, manifestándose en 2002 contrario ao esclarecemento dos mesmos e cualificando ese terrorismo de Estado como “Movimiento de Autodefensa”. Despois do fracasado Golpe de Estado de 1981, manifestaba que os golpistas do 23-F “estaban llenos de buena voluntad”. Fraga sempre recoñeceu os seus servizos á ditadura e no libro de Vázquez Montalbán Mis almuerzos con gente inquietante (1984) dicía: “Serví lealmente a Franco. Serví al Estado franquista”. Manuel Fraga nunca manifestou arrepentimento, nin pediu perdón polos crimes do franquismo. Se vivise hoxe sería citado a declarar pola xuíza arxentina María Servini, como outros ministros da ditadura franquista, no



**CONCELLO
DE CARIÑO**



marco da Querela Arxentina, por crimes contra a humanidade, que non prescriben. COMO SERVIDOR DO FRANQUISMO E MINISTRO DUNHA DITADURA CRIMINAL, MANUEL FRAGA NON MERECE RECOÑECIMENTO SOCIAL, NIN A DISTINCIÓN DE FILLO ADOPTIVO. Iniciativas para retirar a Manuel Fraga as distincións CAMBADOS Con alcaldía de Unidade Galega (1979-1987) cambiaban as rúas franquistas e a de Manuel Fraga Iribarne pasaba a chamarse avenida de Vilariño. 3 As Xuventudes Socialistas de Cambados dicían nun comunicado: “Coa Lei da Memoria Histórica na man impediremos que calquera rúa da nosa vila leve o nome da calquera persoa pertencente á represión da ditadura. E se o Concello ten interese en poñerlle a rúas nomes de políticos, propoñémoslle a Pablo Iglesias, Manuel Azaña ou Isaac Díaz Pardo” (La Voz de Galicia, 25-1-2012).. Por acordo do Pleno de Cambados, sendo alcaldesa Fátima Abal (PSdeG), o 21 de abril de 2017 retirábase unha escultura que colocara en 2012 o goberno municipal do PP, que é trasladada ao taller do autor Lucas Míguez. A alcaldesa declaraba: "Fraga fue ministro con Franco, y existe una ley de memoria histórica que obliga a la retirada de los elementos franquistas de los espacios públicos. Y Fraga nunca repudió los asesinatos cometidos en esa etapa" (La Opinión A Coruña, 22-4-2017) FERROL O Pleno de 25 de abril de 2019 acordaba retirar a Manuel Fraga a distinción de Fillo Adoptivo, concedida en 1965, cos votos a favor de Ferrol en Común, PSOE e BNG. Gonzalo Caballero, daquela secretario xeral dos socialistas galegos, apoiaba a decisión dos seus compañeiros/as de partido, sinalando que había que distinguir dúas etapas, a ditadura e a democracia, e que esas distincións de Fillo Adoptivo na etapa da ditadura “teñen todo o rexeitamento” do PSdeG. CEDEIRA O pleno de 9 de marzo de 2020 acordaba cambiar o nome da avenida Manuel Fraga, en cumprimento da Lei de Memoria Histórica, que pasa a chamarse Fraternidade; e o Pleno de 2 de outubro de 2020 retiraba a distinción de Fillo Adoptivo a Manuel Fraga (concedida en 1967) e aos ministros da Ditadura: José Antonio Girón de Velasco, Pedro Nieto Antúnez, Salvador Moreno Fernández e Gonzalo Fernández de la Mora y Mon, con esta argumentación: “Cómpre facer una revisión a fondo para acabar con todo tipo de distincións (rúas, esculturas, símbolos, fillos adoptivos ou predilectos. medallas. etc) a persoas que colaboraron coa ditadura ou ocuparon postos de responsabilidade na mesma”. Nese pleno o alcalde de Cedeira, Diego Moreda Gil, facía esta intervención: “Imos apoiar esta moción e cremos que é fundamental que todos os vestixios que haxa da represión franquista teñen que ser sacados das rúas e prazas, das fontes e calquera outra simboloxía que poida haber en todos os pobos. Apoiamos o tema da retirada de Fraga Iribarne porque se lle retira como ministro de Franco, non como presidente da Xunta de Galicia”. B. RÚA LANDÍN CARRASCO Prudencio Landín Carrasco ocupou numerosos cargos, sempre ao servizo da ditadura: alcalde de Pontevedra (1957-1959), presidente da Deputación de Pontevedra (1959-1963), procurador nas Cortes franquistas (1957-1963), gobernador civil de Guadalaxara (1963-1964), gobernador civil de Córdoba (1964-1968), gobernador civil da Coruña (1968-



**CONCELLO
DE CARIÑO**



1972). 4 Moitos concellos e deputacións retiraron as rúas e distincións a gobernadores civís na ditadura, en aplicación da Lei de Memoria Histórica. A Coruña retiraba en 2009 a distinción de Fillo Adoptivo a Rafael Hierro Martínez, gobernador civil da Coruña (1949-1951) na ditadura, e a José Solís Ruíz, gobernador civil de Pontevedra (1948- 1951), cos votos a favor de PSOE e BNG. Cedeira (alcaldía do PSOE) retiraba a distinción de Fillo Adoptivo en 2020 a Julio Muñoz Rodríguez Aguilar, gobernador civil da Coruña (1938-1939), cos votos a favor de PSOE e BNG. Cee cambiaba en 2023 o CIP Eugenio López (gobernador civil de Cuencia) por CEIP Vila de Cee, cos votos a favor, entre outros, de PSdeG e BNG. Madrid retiraba en xuño de 2017 a avenida Conde de Mayalde (José María Finat y Escrivá de Romaní), gobernador civil de Madrid (1939-1940); eliminaba tamén a praza de Carlos Ruíz, gobernador civil de Madrid (1941-1954 cos votos a favor de Ahora Madrid, PSOE e Cs. O pleno de Barcelona de 25 de xaneiro de 2019 (voto a favor, entre outros, de BComú e PSC) retiraba a Medalla de Ouro a Antonio Ibáñez Freire, gobernador civil de Barcelona (1963-1966). A Deputación de Valencia (presidencia do PSPV) retiraba o 18 de xullo de 2016 a Medalla de Ouro da provincia a Jesús Posada Cacho, gobernador civil de Valencia (1960-1962) e pai do expresidente do Congreso Jesús Posada. Málaga retira as distincións de Fillo Predilecto e Medalla da Cidade a José Utrera Molina, gobernador civil de Sevilla (1961-1969). Campillo de Azaba (Salamanca) con alcaldía do PP (maioría absoluta) cambiaba en 2017 a rúa de Enrique Otero Aenlle, nado en Ribadeo e gobernador civil de Lugo e Salamanca (1961-1968). Zamora cambia en 2017 a rúa Carlos Pinilla, gobernador civil de León e Zamora (1938-1940) co voto a favor de IU e PSOE. C. CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE O Congreso aprobaba unha Proposición non de Lei sobre a retirada dos símbolos da Ditadura franquista dos edificios públicos do Estado o 3 de novembro de 2004. O deputado socialista Carlos González Serna manifestaba no debate: “En una democracia madura, como la nuestra, no se puede permitir que haya niños y niñas que acudan a diario a centros educativos que llevan por nombre el del Dictador o el de alguno de sus colaboradores”. A Comisión Permanente do Consello Escolar do Estado constataba na súa reunión de 5 de febreiro de 2008 que “en numerosos centros educativos teñen escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas nas súas dependencias, ou a súa propia denominación é unha exaltación persoal ou colectiva da ditadura franquista, que é inaceptable nunha democracia como a nosa”. E en aplicación da Lei da Memoria Histórica, aprobaba unha resolución na que solicitaba ás comunidades autónomas e entidades locais a retirada dos vestixios relativos á Guerra Civil e á Ditadura franquista dos centros docentes. En aplicación da Lei da Memoria Histórica, o Consello Escolar do Estado aprobaba unha resolución na que solicitaba ás comunidades autónomas e entidades locais a 5 retirada dos vestixios relativos á Guerra Civil e á Ditadura franquista dos centros de ensino e instaba ao ministerio de Educación e Ciencia para que colaborase na elaboración dun catálogo estatal no que figurasen os nomes e símbolos que aínda perduran desa etapa. No caso dos centros de



**CONCELLO
DE CARIÑO**



educación infantil e primaria (CEIP) a iniciativa para propoer o cambio do nome, que sexa unha exaltación persoal da ditadura franquista, premien os servizos á ditadura en postos de responsabilidade pública ou a participación no exército sublevado, corresponde ao Consello Escolar do centro; posteriormente debe ser aprobado polo Pleno municipal e, finalmente, pola Consellería de Educación da Xunta. Nomes de centro de ensino cambiados Ferrol. Cambiaba o nome do CEIP Ibáñez Martín, ministro na ditadura, por CEIP Recimil. E o IES Marqués de Suanzes (Juan Antonio Suanzes foi ministro na ditadura), por IES Ferrolterra. A Coruña. A consellería de Educación –cando a Xunta era presidida por Manuel Fraga– cambiaba o nome de IES Diego Delicado (presidente da Deputación da Coruña na Ditadura) por IES Urbano Lugrís. Tamén cambiaron o nome do IES Calvo Sotelo (ministro na Ditadura de Primo de Rivera) por Rosalía Mera (Pleno da Deputación do 26-10-2018, sen ningún voto en contra). A iniciativa do consello escolar, o Pleno do concello da Coruña aprobaba o cambio de nome do CEIP Montel Touzet (“tres caídos en los frentes de batalla en defensa de Dios y de la Patria”) por CEIP Cidade Vella, e o CEIP Sanjurjo de Carricarte por CEIP Torre de Hércules en 2023. Pontevedra. O Ministerio de Defensa, a instancia da CIG-Ensino, cambiaba en 2021 o nome do Colexio Salvador Moreno de Educación Infantil, Primaria e Ensino Secundario Obrigatorio (Salvador Moreno Fernández foi ministro na ditadura). Marín. Cambiaba en 2008 (alcaldía do PSOE) o nome do IES Salvador Moreno por Illa de Tambo. Logroño, alcaldía do PSOE, cambiaba en 2021 o nome do CEIP Juan Yagüe, ministro na ditadura, por CEIP Ana María Matute. Paterna (Valencia), alcaldía do PSOE, cambiaba en 2018 o nome do CEIP Villar Palasí, ministro da ditadura, por Clara Campoamor. Sevilla, alcaldía do PSOE, cambiaba en 2017 o nome do CEIP Benjumea Burín, ministro da ditadura por CEIP Concepción de Estevarena, e retiráballa tamén a rúa. Por todos estes motivos e en aplicación da Lei de Memoria Democrática, o Pleno da Corporación de Cariño toma os seguintes Acordos 1. Cambiar o nome da Avenida de Manuel Fraga Iribarne e rúa Landín Carrasco. 6 2. Instar á Alcaldesa a que comunique á comunidade educativa do CEIP Manuel Fraga a opinión favorable do Pleno da Corporación do Concello de Cariño para o cambio de nome do colexio para que sexa estudada polo consello escolar e, se o estima necesario, propoñer un nome alternativo, o que permitiría a súa aprobación polo Pleno e o seu posterior envío do acordo á Consellería de Educación da Xunta”.

Carlos Castro le a moción presentada polo seu grupo.

José M. Alonso, antes de entrar a debatir a moción, da a benvida á nova concelleira do BNG. A continuación comenta que se trata de unha moción longa, con varios apartados, pero que presenta moitas aristas. Indica que con respecto á Avda Fraga Iribarne, o tema de nomear as



rúas que se trata de unha potestade municipal, pero que no caso concreto que existe un imperativo legal.

Explica que sobre maio ou abril de 2023 que chegou ao Concello un escrito do Senado no que preguntaban por esa rúa, se existía un erro no rueiro ou se aínda non se cambiara de nome. Di que a figura de Fraga en tanto a representante público electo, que se trata de unha figura complexa, como a de Suárez.

Engade que no caso da rúa Fraga Iribarne que se falou con distintas persoas que viven nesa rúa, moitos deles empregados municipais, e trataron de buscar a nomenclatura previa, pero que foi posible determinar se o cambio de nomenclatura foi previo á entrada da Constitución ou non.

Carlos Castro dille que eles o comprobaron no rexistro de Ortigueira, e que foi anterior.

José M. Alonso comenta que se é así, se o cambio da rúa se fixo antes da Constitución, que o responsable do Concello é quen se colle as mans, xa que se trata de un imperativo legal cambiar o nome.

Di que en canto ao nome de Landín Carrasco e do colexio, que están de acordo co BNG, pero que o órgano que ten que cambiar o nome do colexio é o Consello escolar.

A Alcaldesa dilles que se están indo da liña da moción, dicíndolle Alonso Pumar que igual a ela os Plenos de media hora que se facían antes xa lle chegaban.

Toma a palabra Ana López, di que hai que respectar a Lei de Memoria histórica. Di que ela naceu no ano 1972, e sempre se di que o franquismo que o hai que deixar, pero que non hai que esquecelo, xa que hai que lembralo para non volver a el. Engade que moitos dos colexios se fixeron naquela época para que os nenos e nenas non tiveran que desprazarse. Di que a Fraga moita xente non o lembra como un ditador nin machacador de xente, que non se lle reconece ningún delito de sangue, pero que agora no Parlamento español sí hai xente condeada por delitos de sangue. Di que lle parece mal que se fale así de Fraga que foi presidente da Xunta de Galicia durante catro lexislaturas, con maiorías absolutas, e que era unha persoa que defendía a cultura galega.

Carlos Castro comenta que o que non se pode facer é honrar, porque o nome da rúa púxose cando Fraga era ministro de Franco.



Ana López preguntalle qué prevalece máis ser ministro ou presidente da Xunta de Galicia, xa que foi escollido por todos os galegos.e que apoiou a Constitución.

Carlos Castro di que hai que cumprir a Lei de rango estatal, que el non entra a valorar iso, e que ten claro que formaba parte dun sistema antidemocrático.

Ana López comenta que Fraga trouxo o peirao, o colexio, etc para Cariño, que era unha ditadura pero que trouxo moitas cousas, e que cando foi presidente da Xunta que traballou por Galicia.

Pregúntalle Carlos Castro se iso ventila calquera tipo de mala praxis, ao que a Alcaldesa resposta que agora os cidadáns elixiron libremente a xente que estivo no cárcere. Pregúntalle a Castro Durán porque non trouxeron este tema durante os oito anos de goberno do PSOE.

Carlos Castro resposta que el fai menos de un ano preguntou como era xurídicamente o cambio de nome do colexio, e que insiste que hai que aplicar a lei.

Miguel Pérez preguntalles se miraron o que implica aos vecinos cambiar o nome da rúa, e di que cambiar a casa no rexistro que lle supón corenta euros a cada veciño.

José M. Alonso pregunta cal é a alternativa, que non queda outra que aplicar a lei, e que o veciño non ten que cambiar a casa, agás nos casos de compraventa, e que o que merca non vai a deixar de comprar unha casa por corenta euros. Indica que o feito de gañar eleccións non blanquea calquera situación.

A continuación Alonso Pumar comenta unha nova que sale no diario “El Pais” no ano 1982, indicando que “*Fraga era partidario de restablecer a pena de morte para manter a disciplina militar*”.

Procédese a votar a moción que resulta desestimada por cinco votos a favor dos grupos municipais do PSdeGa e BNG e cinco votos en contra do grupo municipal do PP, desempatando o voto de calidade da Alcaldesa nunha segunda votación co mesmo resultado (artigo 100.2 RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).



4.2.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A RETIRADA DE PLACAS COA CRUZ DOS CAÍDOS NAS FACHADAS DAS IGREXAS DE SANTA MARÍA DA PEDRA E SANTO ESTEVO DE SISMUNDI (RE 19/03/2024) (EXPDTE 2024/X006/000026).

A continuación transcribese de forma literal a moción presentada polo BNG:

“Na fachada lateral da igrexa de Santa María da Pedra, é dicir na vía pública, existe unha placa coa cruz dos caídos e con este texto: “José Antonio Primo de Rivera [e dez nomes] CAÍDOS POR DIOS Y POR ESPAÑA PRESENTES”. Na fachada da igrexa de Santo Estevo de Sismundi hai unha placa coa cruz dos caídos e con este texto: “J.A. PRIMO DE RIVERA [e dous nomes] PRESENTES” AS ORIXES DAS CRUCES DOS CAÍDOS As chamadas cruces dos caídos nas súas diversas formas -esculturas, monólitos ou placas- foron colocadas durante a Ditadura por gobernos municipais e pola igrexa católica, seguindo as instrucións do Decreto de 1 de abril de 1940, un ano despois da vitoria fascista, para a construción da Basílica e a Cruz dos Caídos en Cuelgamuros (El Escorial). Ese decreto deixaba moi claro que o obxectivo era “perpetuar a memoria dos caídos na nosa gloriosa Cruzada”. A iniciativa para levantar esas cruces partía, xa que logo, dos que gañaron a guerra, é dicir, das autoridades franquistas ou da Falanxe. Esas cruces que se levantaron por todo o Estado nunca poderán interpretarse como unha homenaxe a todos os que faleceron na guerra, senón como monumentos franquistas, de homenaxe aos “Caídos na nosa Cruzada de Liberación”, é dicir no bando dos vencedores. PRONUNCIAMENTOS DAS INSTITUCIÓNS DE GALIZA O Parlamento Galego aprobaba, por unanimidade, unha declaración institucional o 18 de xullo de 2016 de “condena do golpe de Estado perpetrado por Franco o 18 de xullo de 1936, o réxime ditatorial consecuencia dese golpe de Estado e os crimes e represión exercidas sobre as persoas vencidas”. “Eliminar os símbolos, as denominacións e referencias franquistas de rúas e edificios públicos”. A Deputación da Coruña aprobaba o 26 de outubro de 2018, sen ningún voto en contra: “Instar os concellos da provincia a eliminar os restos de simboloxía franquista (escudos, insignias, placas, nomenclátor das rúas, inscricións) distincións, nomeamentos, títulos honoríficos e honores a golpistas, franquistas e demais formas de exaltación e enaltecemento individual ou colectivo da sublevación militar de 1936 e do franquismo, dos seus dirixentes ou das organizacións que sustentaron o réxime ditatorial”. O Parlamento Galego aprobaba por unanimidade unha iniciativa do BNG o 3 de outubro de 2017 para retirar a simboloxía franquista das igrexas e edificios relixiosos. Engadía o acordo: “No caso de que a igrexa católica non mostre disposición para colaborar”, o Parlamento Galego comprométese a “iniciar os correspondentes 1 expedientes para ordenar a retirada de inscricións, considerando

a súa dobre condición de símbolos de exaltación do franquismo e de atentados contra o patrimonio”. LEI DE MEMORIA DEMOCRÁTICA As cruces dos caídos das igrexas de Cariño deben retirarse en aplicación do artigo 35.1. da Lei de Memoria Democrática (LMD): “Considéranse elementos contrarios á memoria democrática as edificacións, construcións, escudos, insignias, placas e calquera elemento ou obxecto pegado a edificios públicos ou situados na vía pública nos que se realicen mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar e da Ditadura”. Por outra parte, o artigo 40 da LMD sinala que corresponde ás administracións públicas adoptar as medidas oportunas “para retirar recoñecementos, honores e distincións anteriores á entrada en vigor desta lei que comporten exaltación ou enaltecemento da sublevación militar, a Guerra ou a Ditadura”. SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO Por se houberse algunha dúbida sobre a obriga de retirar esas cruces dos Caídos, en cumprimento da Lei de Memoria Democrática, unha sentenza do Tribunal Supremo crea xurisprudencia. O Pleno de Callosa de Segura (Alacante) acordaba o 26 de xaneiro de 2017 a retirada da Cruz dos Caídos situada nun espazo público fronte ás portas da igrexa Arciprestal de San Martín, en aplicación da Lei de Memoria Histórica. Na cruz, colocada en 1942, figuraban os nomes de 81 persoas “Caídos por España”, e foi retirada en xaneiro de 2018. “Abogados Cristianos” presentaba un recurso que foi desestimado polos xulgados de Elche e polo Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana en febreiro de 2018. Finalmente, unha sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo, coñecida en decembro de 2023, desestimaba o recurso da “Plataforma Ciudadana en Defensa de la Cruz” e avalaba o acordo municipal. Sinala a sentenza do TS que esa cruz “supón exaltación da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión franquista”. “Estamos ante un símbolo relixioso -cruz que contén elementos que impiden recoñecerlle un valor neutral como mero símbolo artístico ou artístico-relixioso. Pola contra, a súa presenza nun espazo público permite apreciar un acto de exaltación en canto contribúe a realzar o mérito daquela contenda civil coa inclusión da listaxe de falecidos dun só bando que, implicitamente, tamén conleva a reprobación do bando contrario na percepción social”. VALEDOR DO POBO DO ESTADO O “Defensor del Pueblo” Ángel Gabilondo enviaba un escrito ao goberno municipal de Elche (Alicante) en xaneiro de 2024 instando á retirada da cruz dos caídos do Paseo de Germanías desa cidade porque: “Es un elemento contrario a la memoria democrática y a la dignidad de las víctimas que deben ser retirados o eliminados”. CRUCES DOS CAÍDOS XA RETIRADAS EN GALIZA Fene retiraba a cruz dos caídos, inaugurada en 1953, que estaba xunto á igrexa do Divino Salvador de Maniños. O alcalde do PSOE en 2007, Iván Puentes, declaraba: 2 “Temos que limpar, por decencia e xustiza, os nosos pobos de todo tipo de exaltación franquista”. Ferrol, sendo alcalde Vicente Irisarri (goberno PSOE-IU), coincidindo coa reforma da praza de Amboage e en cumprimento da Lei de Memoria Histórica de 2007, o 8 de xullo de 2010 foi retirada a cruz dos caídos, que foi



**CONCELLO
DE CARIÑO**



inaugurada en 1940. Lalín. Retiraba a placa franquista dun lateral da igrexa o 18 de maio de 2017. O párroco, que defendía a retirada desa placa, manifestaba: “É volver as cousas ao seu lugar, e este non era precisamente o lugar onde tiña que estar esa lápida” (La Voz de Galicia, 19-5-2017) . Cangas. Retiraba en maio de 2019 a placa cos nomes dos caídos do bando franquista e de José Antonio Primo de Rivera, situados nun lateral da Colexiata. O alcalde manifestaba que “non se fai máis que aplicar a Lei de Memoria Histórica e preservar o noso patrimonio”. Vilagarcía. Retiraba en marzo de 2022 a cruz dos caídos da Igrexa de Santa Eulalia, que tiña o lema: "Por Dios, por España y su Revolución Nacional Sindicalista". Un auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 2 de Pontevedra rexeitaba a medida cautelar que solicitaba a Fundación Española de Abogados Cristianos para suspender os traballos iniciados porque, argumentaba, "se pretende eliminar una cruz latina y, por lo tanto, un símbolo religioso". O auto da xuíza sinalaba que “Abogados Cristianos” carecía de lexitimación para solicitar a paralización xa que "ni es titular del derecho a la libertad religiosa ni invoca o acredita un derecho de acción pública urbanística para poder interesar nada en relación con las decisiones que afectan al patrimonio de la iglesia". A comisión diocesana de arte sagrado do Arcebispado de Santiago consideraba "pertinente" retirar a cruz, deixando a parede como estaba antes da colocación dese monumento (publico.es, 22-3-2022). Marín. Retiraba a cruz, as placas en memoria dos caídos e a inscrición de José Antonio Primo de Rivera do Templo Vello o 4 de abril de 2022. Bueu. O Arcebispado de Santiago autorizaba en decembro de 2022 a retirada de simboloxía franquista das igrexas de San Martiño de Bueu, Santa María de Cela e Santa María de Beluso, que será executada polo concello. Cambados. Retiraba en febreiro de 2023 a cruz dos caídos e dúas placas de mármore da fachada da igrexa parroquial de Santa Mariña Dozo. A obra foi executada polo concello co informe favorable de Patrimonio da Xunta de Galicia e de Arcebispado de Santiago. Será retirada ao Museo do Viño. Narón retiraba en 2023 a cruz dos caídos na tapia do cemiterio de San Xiao (Narón), fronte á igrexa, con 55 nomes e o texto: “Caídos por Dios e por España. Jose Antonio Primo de Rivera...Presentes”. Monfero. O Pleno municipal de decembro de 2023 (alcaldía do PSOE) acordaba: 1. Instar ao Arcebispado de Santiago a que retire a placa franquista da igrexa de Santa Mariña na parroquia de Taboada do concello de Monfero. 2. Ofrecer a colaboración do 3 concello, tanto á igrexa como a Patrimonio da Xunta para que a placa franquista sexa retirada á maior brevidade. Vilarmaior. O Pleno municipal de 26 de decembro de 2023 (alcaldía do PP) aprobaba retirar a placa franquista da igrexa de San Pedro de Grandal. Por outra parte, o artigo 36.1 da Lei de Memoria Democrática (LMD) sinala: ”A Administración Xeral do Estado confeccionará en colaboración co resto das administración públicas un catálogo de símbolos e elementos contrarios á memoria democrática”. O concello de Cariño manifesta a súa vontade de retirar esas placas en cumprimento de acordos do Parlamento Galego, da Deputación da Coruña, da Lei 20/2022 de 19 de outubro de Memoria Democrática (BOE nº 252 de 20/10-

2022)), da Sentenza do Tribunal Supremo e co máximo respecto ás familias dos nomes que aparecen nesas placas porque somos conscientes de que esas mortes foron tamén un drama para todas as familias e que algunhas das persoas que alí aparecen non foron voluntarias á guerra. Por todo isto, o Pleno da Corporación de Cariño ACORDA 1. Instar ao Bispado de Mondoñedo-Ferrol a que retire as placas franquistas coa cruz dos caídos nas fachadas das igrexas de Santa María da Pedra e Santo Estevo de Sismundi do concello de Cariño. 2. Ofrecer a colaboración do concello, tanto á igrexa como a Patrimonio da Xunta para que a retirada das placas franquistas sexa á maior brevidade. 3. Comunicar, como Administración Local, ao Ministerio da Presidencia a existencia desas placas para a súa incorporación ao Catálogo de elementos contrarios á memoria democrática, que deberían ser retirados”.

Le a moción Carlos Castro.

José M. Alonso di que van a votar a favor, que se retirou na lexislatura anterior a praca que había na igrexa de Cariño e que agora quedan esas dúas.

Ana M^a López di que hai que cumprir esa lei, e que resulta normal que se quiten ese tipo de pracas por respecto ás vítimas xa que as guerras non son boas para ninguén.

José M. Alonso dille que é a mesma lei que no caso da moción anterior.

Carlos Castro indica que tamén é o mesmo argumentario.

Non suscitándose mais debate, o Pleno coroporativo por cinco votos a favor dos grupos municipais do PSdeGa e BNG e cinco abstencións do grupo municipal do PP,

ACORDA:

1. Instar ao Bispado de Mondoñedo-Ferrol a que retire as placas franquistas coa cruz dos caídos nas fachadas das igrexas de Santa María da Pedra e Santo Estevo de Sismundi do concello de Cariño.

2. Ofrecer a colaboración do concello, tanto á igrexa como a Patrimonio da Xunta para que a retirada das placas franquistas sexa á maior brevidade.

3. Comunicar, como Administración Local, ao Ministerio da Presidencia a existencia desas placas para a súa incorporación ao Catálogo de elementos contrarios á memoria democrática, que deberían ser retirados.

4.3.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A CAMPAÑA STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO (RE 01/04/2024) (EXPDTE 2024/X006/000027).

A continuación transcríbese de forma literal a moción presentada polo BNG:

“Hai dous anos da aprobación da última reforma laboral (Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro) coa que nace unha nova reforma coa gravidade de non derogar as anteriores, especialmente a de Raxoi do 2012, que tantos recortes e danos vén causando aos dereitos da clase traballadora. Desde a súa entrada en vigor confírmase mes a mes o que estivemos denunciando que sucedería no momento da aprobación. Novas modalidades de contratación polas que se multiplica a precariedade, cambiando a forma pero non o fondo, mudando as estatísticas pero non a realidade. Imponse a xeneralización da contratación a tempo parcial e a fixa-descontinua, que pasa a substituír os contratos temporais, que se ven sensibelmente reducidos. Ao mesmo tempo, permítese o abuso e uso fraudulento dos períodos de proba como modalidade de contratación, de xeito que os contratos se rescinden por non superar o período de proba, sen ningún tipo de indemnización, operando para todos os efectos como un despedimento libre. Por último, refórzase o papel das ETT e das axencias privadas de colocación para levar adiante toda esta reforma, en prexuízo dos servizos públicos de emprego. Unha reforma laboral á que se suma o fomento dos ERTE permanentes, a continuidade das desigualdades de xénero e a extensión dos baixos salarios mentres a patronal dispón de máis mecanismos legais para empeorar as nosas condicións laborais e salariais. Así, deste xeito, as empresas transfiren ao sector público os custos sociais de toda esta realidade de precariedade xeneralizada, ao tempo que se dificulta o acceso, a duración e as contías das prestacións por desemprego. O resultado é unha clase traballadora empobrecida, xa que se instaura por lei a inestabilidade e inseguridade laboral e se institucionaliza a pobreza laboral. Ter traballo xa non permite os ingresos necesarios para vivir dignamente e poder acceder a dereitos básicos como alimentación e vivenda. Son especialmente exemplo desta realidade, a mocidade e as mulleres, convertidas en man de obra barata, parecendo non ter fin a fenda salarial. A acción dos gobernos e da política laboral debe superar o centralismo español, a submisión aos principios neoliberais e que o economicismo dite a regulación e aplicación dos dereitos sociais. A importancia na protección dos dereitos da clase traballadora ten relación directa con poder facer fronte con xustiza social aos efectos do cambio no tecido produtivo e no mundo do

traballo, sobre todo en Galiza, ante a descarbonización e o forte impacto da implantación das novas tecnoloxías na economía, en que se intensifica o proceso de valorización do capital mentres que se desvaloriza o traballo, acelerando a concentración da riqueza en menos persoas, en territorios máis lonxe de Galiza, ao tempo que vai a máis o risco da exclusión social e dun elevado e estrutural desemprego. Son urxentes medidas para rematar coa precariedade, o abuso da contratación a tempo parcial e coa temporalidade en todos os sectores de actividade tanto do ámbito privado como nas diferentes administracións e empresas públicas. Por último, no pleno do Congreso dos Deputados do pasado 10 de xaneiro, un dos tres decretos sometidos a votación, non saíu adiante e fixo que non se aprobase a prioridade aplicativa dos convenios colectivos autonómicos. Compre xa facer realidade un pilar básico do Marco Galego de Relacións Laborais e poder exercer o dereito decidir e negociar en Galiza os nosos convenios colectivos, as nosas condicións de traballo, de forma directa e democrática, con solucións xustas á nosa realidade laboral, social, industrial, económica e demográfica. Por todos estes motivos, solicítase ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte Acordo 1.- Reclamar ao Goberno galego á urxente aprobación dun Plan galego de recuperación económica, industrialización creación de emprego digno e servizos públicos na nosa terra. 2.-Demandar do Goberno español a derogación da reforma laboral de 2012 e aprobar un cambio radical na reforma de 2021 para a creación de emprego digno e con dereitos e aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos. 3.- Instar ao Goberno galego e español a aprobación dos cambios lexislativos necesarios para favorecer a repartición do traballo, reducir a xornada laboral semanal ás 35 horas para avanzar na aplicación da xornada de catro días -a 32 horas á semana, xa que os avances tecnolóxicos e os cambios na organización do traballo permiten facelo para xerar máis riqueza social. 4.- Instar ao Goberno español á aprobación inmediata dun novo Decreto para a recuperación da prevalencia aplicativa dos convenios colectivos e acordos marcos autonómicos dacordo á modificación dos apartados 3 e 4 do artigo 84 que contemplaba o apartado dous do artigo primeiro do Decreto 7/2023, de 19 de decembro. Así mesmo, reclamar ao Goberno galego e español un acordo para completar as transferencias a Galiza das competencias pendentes para poder exercer todas as funcións en materia de lexislación e xestión do traballo, o emprego, formación e recoñecemento de prestacións. Transferencia íntegra da formación para o emprego”

Le a moción Carlos Castro.

José M. Alonso comenta que o fondo da cuestión trata sobre a mellora das condicións laborais dos traballadores, e contén tamén un esbozo de tratar de avanzar na dixitalización no teletraballo, e eficiencia do mercado laboral coa diminución da xornada laboral semanal.



Explica que o paro xuvenil e o feminino que baixou altamente nos últimos meses, e que agora se atopa no 26%, pero que aínda así hai que avanzar no tema da precariedade. E que o Estado español é o que xera máis empregos dos da Unión Europea, pero insiste en que hai que avanzar e mellorar.

Comenta que a temporalidade nas Administracións públicas que se reduciu moito a raíz da estabilización, e o Salario Mínimo Interprofesional que subiu a 1.134 euros na actualidade.

A Alcaldesa di que estas mocións se teñen que basear no contorno do pobo, que quedaron en iso, e que o portavoz do Partido socialista se estendeu a outras valoracións.

José M. Alonso dille que falou ela máis do dobre que el, e explica que a xente de Cariño cobraba 734 euros e que agora cobra 1.134 euros, e quen nos os cobra é porque o empresario incumpre, pero que a lei establece iso.

Alberto Balado pregúntalle a Alonso Pumar que se tanto defende aos traballadores por qué en oito anos non aprobou unha RPT para o Concello.

José M. Alonso dille que a RPT sométese a un proceso de negociación cos sindicatos, e que o primeiro paso é estabilizar a todos os traballadores, e que non se aprobou unha RPT dende que hai Concello.

A Alcaldesa di que o tema da estabilización era obrigatorio por lei, e que lle tocou asinar a ela.

Pregúntalle Alonso Pumar qué fixo ela nese proceso, e Ana López resposta que el non fixo nada, que o traballo o fixo a Secretaria.

José M. Alonso dille que mire o que pasou no Concello de Ortigueira e que era un compañeiro do seu partido, que foron algún traballadores municipais á rúa.

Ana López comenta que actualmente se está a negociar a RPT, que teñen exemplos de outros documentos e que o están estudando.

Carlos Castro comenta que o seu compañeiro anterior Uxío que moitas veces pediu a RPT, e que é un tema que ten certa complexidade, e que na etapa de Puri que non se puido facer.



Laura García comenta que é imperativo legal facer a RPT.

José M. Alonso di que no Concello de Cariño fixéronse tres borradores de RPT, e que a empresa actual é unha das máis prestixiosas de España, pero sobre o texto elaborado que hai que negociar.

Non suscitándose mais debate, o Pleno coroporativo por cinco votos a favor dos grupos municipais do PSdeGa e BNG e cinco abstencións do grupo municipal do PP,

ACORDA:

1.- Reclamar ao Goberno galego á urxente aprobación dun Plan galego de recuperación económica, industrialización creación de emprego digno e servizos públicos na nosa terra.

2.-Demandar do Goberno español a derogación da reforma laboral de 2012 e aprobar un cambio radical na reforma de 2021 para a creación de emprego digno e con dereitos e aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos.

3.- Instar ao Goberno galego e español a aprobación dos cambios legislativos necesarios para favorecer a repartición do traballo, reducir a xornada laboral semanal ás 35 horas para avanzar na aplicación da xornada de catro días -a 32 horas á semana, xa que os avances tecnolóxicos e os cambios na organización do traballo permiten facelo para xerar máis riqueza social.

4.- Instar ao Goberno español á aprobación inmediata dun novo Decreto para a recuperación da prevalencia aplicativa dos convenios colectivos e acordos marcos autonómicos dacordo á modificación dos apartados 3 e 4 do artigo 84 que contemplaba o apartado dous do artigo primeiro do Decreto 7/2023, de 19 de decembro. Así mesmo, reclamar ao Goberno galego e español un acordo para completar as transferencias a Galiza das competencias pendentes para poder exercer todas as funcións en materia de lexislación e xestión do traballo, o emprego, formación e recoñecemento de prestacións. Transferencia íntegra da formación para o emprego.

4.4.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO SISTEMA DE PODA DAS ÁRBORES URBANAS NO CONCELLO DE CARIÑO E



CONCELLO
DE CARIÑO



Á CORTA DAS PALMEIRAS DA PRAZA DO MERCADO (RE 01/04/2024) (EXPDTE 2024/X006/000028).

A continuación transcríbese de forma literal a moción presentada polo BNG:

“Exposición de motivos: Tala de palmeiras O pasado decembro o xardineiro municipal, de acordo coas ordes da rexedora municipal, procedeu á corta das oito palmeiras situadas no contorno da fonte da Praza do Mercado (tamén chamada Praza Roxa). A pavimentación e axardinamento desa praza, polas consultas efectuadas, foi realizada polo concello de Ortigueira no ano 1987, aínda que a fonte se puxo no ano 1988, xa sendo Cariño concello independente. Disto infírese que as palmeiras terían polo menos 37 anos de existencia, formando parte do patrimonio natural público deste concello. Das indagacións realizadas e confirmadas por profesionais do ámbito, resulta que soamente unha das oito palmeiras estaba cun problema de fungos, á que se lle podía aplicar un tratamento de cura, que non se lle aplicou. Ningunha tiña a praga do “picudo” vermello, que é máis problemático de tratar. Polo que estaban sas e non supoñían perigo para a seguridade cidadá. 1 Moción relativa ao sistema de poda das árbores urbanas no Concello de Cariño e á corta das palmeiras da Praza do Mercado. Por certo que as palmeiras do Cantón de Ortigueira vanas tratar preventivamente contra o “picudo”. Por iso foi un capricho de esta Alcaldía a tala dos oito exemplares, ademais de ser un atentado contra o patrimonio municipal e natural. Os bens municipais non son do goberno municipal e este está para adminístralos adecuadamente. Non se poden destruír sen unha razón e sen debate, apoiado nun expediente administrativo, particularmente con bens de tanta relevancia pública. Delito contra o patrimonio natural e público Xa non pensemos que houbo dolo na actuación, só moita insensibilidade. Ou se cadra si que houbo dolo, desde o momento en que non atendeu ao consello dos profesionais, que de seguro non lle dirían que había que cortalas. De todas formas esta tala de árbores de case 40 anos, sen razón obxectiva, podería ser constitutivo dun delito contra a natureza. E igualmente tamén pode ser delito pola destrución do patrimonio público, co agravante de que non se poderían reparar neste caso, necesitando 40 anos para volver a crecer. É necesario valorar economicamente as palmeiras co fin de que todos coñezamos a contía do dano que se fixo e fixar a responsabilidade persoal, penal ou económica, pois non é un custo que se lle poda cargar ao Concello dándoo simplemente de baixa no inventario municipal. Catálogo de árbores senlleiras. Un alcalde do seu partido, o Partido Popular, Fernando Tallón Cabana, aprobou en 2003 a vixente Ordenanza Reguladora das Plantacións e cortas de especies vexetais no Concello. 2 Moción relativa ao sistema de poda das árbores urbanas no Concello de Cariño e á corta das palmeiras da Praza do Mercado. Nesta ordenanza, no artigo 47, establécese que o concello, co trámite do



**CONCELLO
DE CARIÑO**

Cabo Ortegal
XEO PARQUE



artigo 50, realizará un catálogo de especies e conxuntos senlleiros protexidos, que ata o de agora non se realizou. Pois ben, agora é o momento de elaboralo e aprobalo, antes de que se fagan máis tropelías e arboricidios. Poda dos ligustros No mes de outubro pasado procedeuse, polo xardineiro municipal, á salvaxe poda dos ligustros da estrada xeral, no Sagrón e A Pedra, e de dúas rúas máis, de acordo co mandato da Alcaldía. Esa poda vai en contra das recomendacións das guías de poda, por ser unha poda salvaxe, radical, moi profunda e realizada nunha época non adecuada, que o máis probable é que afecte ao desenvolvemento da árbore. En efecto, se acadamos á guía do Estándar Europeo de Poda de Árbores, traducida pola Asociación Española de Arboricultura (AEA), na introdución xa sentencian: “1.2.3 Es importante reconocer que, generalmente, los árboles no necesitan ser podados.” “1.1.7 En general, no se recomienda la poda de árboles para resolver problemas triviales percibidos... ya que cualquier intervención puede destruir los servicios ecosistémicos prestados por el árbol y a menudo puede dar lugar a árboles inestables y a trabajos de seguimiento innecesarios.” Por outra banda dispoñer de árbores nas cidades é necesario pero debemos coidalos adecuadamente. A poda realizada non é coidar as árbores. Como segue dicindo o Estándar Europeo de Poda: 3 Moción relativa ao sistema de poda das árbores urbanas no Concello de Cariño e á corta das palmeiras da Praza do Mercado. “1.2.2. El cuidado adecuado de los árboles es necesario, porque las personas necesitan árboles en las zonas urbanas por diversas razones de bienestar y salud.” Seguindo con dita guía, as situacións para proceder á poda dunha árbore teñen que ser as menos posibles e coa mínima poda, como corrixir situacións de risco, ou afección a edificios, prevención e xestión de pragas, e similares. Por tanto fágalle caso aos profesionais que son os que entenden. Por outra banda realizar labores de poda mínima supón un aforro económico considerable para as arcas municipais. Canto lle custaron ao Concello os dous meses de traballos de poda? Poda da árbore da Cofradía Na mesma liña das anteriores actuacións, procedeuse no mes de marzo á poda do pradairo situado na beirarrúa da Cofradía, exemplar de grande porte que humanizaba a vía central de Cariño e que non presentaba problema algún nese lugar. Despois de esta fatídica actuación, na cal a árbore foi mutilada salvaxemente, a súa saúde e o seu futuro encóntranse comprometidos. Pregámoslle ao actual goberno municipal o compromiso de que este sexa o derradeiro dos atentados ao patrimonio natural do noso concello, que repercuten tamén na saúde dos cidadáns e da integridade dos nosos espazos urbanos. 4 Moción relativa ao sistema de poda das árbores urbanas no Concello de Cariño e á corta das palmeiras da Praza do Mercado. Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO: 1.- Que sexa realizada, polo técnico que corresponda, unha valoración económica das palmeiras cortadas. 2.- Que, por parte da Interventora municipal, se informe do custo económico dos meses de poda dos ligustros e separadamente o custo da corta das palmeiras, cos medios propios e externos

utilizados. 3.- Que se realice e aprobe o catálogo de árbores e conxuntos senlleiros protexidos, de acordo coa ordenanza de plantacións e cortas de especies vexetais no Concello. 4.- Que se adopte o Estándar Europeo de Poda de Árbores, traducida pola Asociación Española de Arboricultura (AEA), nos traballos de xardinería do Concello. 5.- Solicítase a comparecencia en Pleno da Alcaldesa explicando os seus criterios técnicos tidos en conta para a realización da poda das árbores. 6.- Compromiso por parte do concello de protección e coidado da vexetación urbana de Cariño, sendo entendida esta como esencial para amortecer os efectos da crise climática”.

Le a moción Carlos Castro.

José M. Alonso di que entende as dúas posturas, e que hai que facer un traballo de poda regulado, pero que eles van a votar a favor da moción.

Engade que Ordenanza de cortas que se aprobou nos últimos meses de mandato de Tallón, e quen a redactou enteira foi o técnico municipal Fernando Fraguela. Que ten aspectos moi bos, algúns difíciles de cumprir, como a eliminación e posibilidade de ter boas vistas cara a ría na estrada xeral. Que sobre as podas, se os técnicos realizan valoracións, que se debe facer o que indiquen.

A Alcaldesa explica que as palmeiras estaban afectadas, que ten as fotos e que se atopaban polo picudo e que tiñan fungos, e que naquel momento se producira un accidente en Barcelona onde morrera unha rapaza. Que cando talaron, que ían ser as festas, que a palmeira estaba torcida, e que todo isto o corroborou un técnico. Engade que a maioría da xente non sabe que había nas copas das palmeiras, xa que era un niño de ratas, que cando cortaron, os operarios dixeron que comezaron a saír moitas ratas. Insiste en que as palmeiras se atopaban enfermas, e que por iso houbo que cortalas; e que por responsabilidade prevalece coidar á xente e non á palmeira, xa que se pode substituír por outra.

Di que non se fixo unha poda salvaxe na estrada xeral, e que agora están a brotar as árbores, que en moitas zonas se queixaban os vecinos, os buseiros, etc, e que ela entende que hai que facer as podas a miúdo, xa que estaba todo abandonado. Que hai que facer un mantemento e que hai que eliminar os riscos para as persoas, e que no Campín se cortaron varias árbores grandísimas.

José M. Alonso considera que hai que realizar estudos do terreo antes de facer as obras.



Ana López di que na zona do centro de saúde que tamén hai árbores enormes.

Dille Alonso Pumar que as árbores do paseo marítimo que están dende o ano 93, que as palmeiras estiveron antes que a praza, e que as palmeiras que se podaban todos os anos, e que o tema das ratas pode vir de fai un ano, pero que antes non as había.

Ana López comenta que hoxe veu unha técnica a falar sobre iso e que dixo que ás palmeiras que lles pasaba iso, que hai que facer un mantemento e que levaban tempo sen podarse.

Insiste Alonso Pumar en que se podaban todos os anos. Pregunta a quen lle dixeron os técnicos que as árbores se atopaban nese estado.

A Alcaldesa dille que non o sabe, que cando entraron que llo dixo o xardiñeiro.

José M. Alonso explica que unha veciña de Landoi fai dous anos que denunciou a posibilidade de que unhas árbores moi grandes podían caer sobre a súa casa. Que a lei actual di que as árbores teñen que manter cincuenta metros de distancia á vivenda, soamente que esas árbores teñen interese polos seus anos. E que o Concello tivo que pagar un estudo a un técnico externo, e que a eles non lles dixeron nada, porque non ían a poñer en perigo aos veciños se así fose.

Carlos Castro recomenda que se estude árbore por árbore, que o están a facer en Ferrol, como un intento para salvar esas árbores.

A Alcaldesa di que non morreu ningunha árbore e que sempre hai que contemplar a opción de poñer outras.

Alonso Pumar comenta que as palmeiras do paseo que son distintas que as outras, son de outra especie.

Laura García comenta que lle parece grave falar de “mutilacións” ás árbores, cando o primordial é velar pola seguridade cidadá, e que lle parece unha moción que emprega palabras bastante “graves”, e que ela prefire ter un arboricidio que ter na súa conciencia a morte dunha persoa.



Non suscitándose mais debate, o Pleno coroporativo por cinco votos a favor dos grupos municipais do PSdeGa e BNG e cinco abstencións do grupo municipal do PP,

ACORDA:

- 1.- Que sexa realizada, polo técnico que corresponda, unha valoración económica das palmeiras cortadas.
- 2.- Que, por parte da Interventora municipal, se informe do custo económico dos meses de poda dos ligustros e separadamente o custo da corta das palmeiras, cos medios propios e externos utilizados.
- 3.- Que se realice e aprobe o catálogo de árbores e conxuntos senlleiros protexidos, de acordo coa ordenanza de plantacións e cortas de especies vexetais no Concello.
- 4.- Que se adopte o Estándar Europeo de Poda de Árbores, traducida pola Asociación Española de Arboricultura (AEA), nos traballos de xardinería do Concello.
- 5.- Solicítase a comparecencia en Pleno da Alcaldesa explicando os seus criterios técnicos tidos en conta para a realización da poda das árbores.
- 6.- Compromiso por parte do concello de protección e coidado da vexetación urbana de Cariño, sendo entendida esta como esencial para amortecer os efectos da crise climática.

ASUNTO FORA DA ORDE DO DÍA: A continuación, e antes de entrar no punto de rogos e preguntas, Carlos Castro solicita a inclusión dunha moción na orde do día, relativa á situación da secretaria do Xulgado de Paz, e que debido ao cambio de lexislación se revisen outras posibilidades para que cobre un salario.

De conformidade co artigo 91.4 do ROF, procédese a votar (por maioría absoluta) a urxencia da inclusión do punto na orde do día, sendo desestimada por cinco votos a favor dos grupos municipais do PSdGa e BNG e cinco votos en contra do grupo municipal do PP.

A continuación, e antes de entrar no punto de rogos e preguntas, Carlos Castro solicita a inclusión

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.



Toma a palabra Carlos Castro:

1.- Pregunta como está o tema das axudas ás actividades, e Laura García dille que o ten que revisar.

Jonathan Miranda comenta que saían sempre en setembro, e que eran anuais.

2.- Di que están a recibir queixas sobre o estado da estrada da Miranda.

Alberto Balado que se arranxou unha metade e que agora falta a outra metade, e que o vindeiro martes queda listo.

3.- Pregunta pola obra dos filtros da auga.

Ana López di que se está pendente dunha modificación do proxecto, xa que os técnicos viron que estaba afectada outra zona, e que como son dúas liñas, que están arranxando a primeira que era a que máis estropeada estaba. Indica que para o verán estarían listas as dúas liñas.

4.- Carlos Castro comenta que avisan cando hai un problema coa auga, pero cando pasa tempo a xente non sabe se se está a traballar no tema.

A Alcaldesa explica que cando hai unha alerta existe ata que saia unha comunicación nova, e que os resultados do laboratorio soen tardar tres días, que non se pode dicir a todas horas se a auga é potable. Que se comunicou mediante bandos o subministro do reparto da auga, e iso significa que non se pode entender que a auga resulta apta para o consumo.

Carlos di que a páxina onde se soben as analíticas está sen actualizar dende decembro.

Laura dille que é por falta de tempo, que ela non as colga directamente pero que calquera persoa pode achegarse ao Concello a informarse porque as analíticas son públicas.

5.- Pregunta polo tema da roupa de traballo, que se tratou na mesa de negociación.

A Alcaldesa dille que faláron coa empregada que leva o tema de persoal e que está con iso.

Laura García di que por exemplo os policía locais xa pediron roupa.

6.- Carlos Castro insiste en que se retransmitan os plenos, e que se mire a posibilidade de contratar a un normalizador.

7.- Pregunta polo arranxo dos leds das farolas.

A Alcadesa di que enviaron as lámpadas e que están pendentes de que veña a empresa, xa que se fixo cargo a custa da garantía, e que son en total 68 puntos de luz para amañar.

Laura García comenta que o electricista puxo algún punto intercalado.

8.- Pregunta que nos decretos aparece unha incautación de aval dunha empresa de protección de datos.

A Secretaria toma a palabra, comenta que a actual empresa incumpriu o contrato, que se resolveu coa incautación do aval, e que agora hai que licitar un novo procedemento.

9.- Pregunta se coa contratación do Aprol rural se vai a incrementar a limpeza nas pistas, xa que o piden nas parroquias.

Alberto Balado comenta que se comezaron a limpar pistas.

10.- Carlos Castro comenta que existe unha subscrición do Concello á “La Voz de Galicia” por 450 euros, e propón que se merque algún diario escrito íntegramente en galego, como o diario “Nos”.

11.- Carlos Castro di que se pediu unha subvención do Fondo de Compensación Ambiental de 27000 euros para a adquisición de colectores de lixo, e pregunta polas suxeicións.

A Alcadesa comenta que miraron o tema das suxeicións pero que son moi custosas, que unha soa custa arredor de trescentos e pico de euros.

12.- Pregunta polo tema dos desbroces, se hai moito traballo nese ámbito.



A Alcaldesa comenta que hai xente que limpa e outra que non, e que os que se notifican dende o Concello que soen limpar, e que por sentido común, se alguén é propietario dun terreo que o ten que limpar.

Pregunta Carlos Castro se se realiza de oficio polo Concello, ao que resposta Alberto Balado que non.

13.- Carlos Castro pregunta por outra subvención que se solicitou sobre infraestruturas, dotacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais.

Ana López explica que se pediu un estudo técnico, que se valorou e se fixo a solicitude, e que non sabe se se vai a conceder, e que afecta aos distintos parques do municipio, agás o do colexio.

José M. Alonso comenta que o decreto polo que se solicitou a subvención que aparece corrixido posteriormente, que primeiro dicía que se solicitaba a axuda para melloras no mercado, pero que despois se modificou.

14.- Carlos Castro pregunta pola posibilidade de retomar a idea de facer un parque canino.

A Alcaldesa di que por agora non contemplan ese tema.

15.- Carlos Castro di que se publicou unha subvención para a modernización de artes escénicas e musicais, e pregunta se están ao tanto do tema.

A Alcaldesa di que van a mirar o tema

Carlos Castro comenta que a norma pon que tiña que estar xa en funcionamento.

A continuación José M. Alonso Pumar intervén:

1.- Comenta que sería ideal que todos os veciños limparan as fincas, pero que sendo realista que iso non pasa, que resulta bastante insolidario que un veciño moleste a outro coa maleza e que despois aínda se sinta mal por ter que ir a denuncialo ao Concello. E que eles moitas veces fixeron a denuncia de oficio dende o Concello, pero que iso custa votos. Explica



que o procedemento legalmente é moi lento e que o tema dos herdeiros que é un problema moi grande, e que a veces hai que facer unha labor de investigación moi difícil.

Ana López di que a xente se ten que ir mentalizando sobre iso.

2.- José M. Alonso pregunta cal é a razón de que o Pleno non se fixera dentro do prazo legal.

A Alcaldesa resposta que tiña unha reunión co seu partido para pedir máis recursos para servizos sociais, e que esa reunión era moi importante.

José M. Alonso cre que non se pode poñer o partido por enriba dos veciños. E preguntalle á Alcaldesa se era unha reunión institucional ou co partido.

A Alcaldesa resposta que foi institucional como partido, que ían tratar o tema de servizos sociais porque cada vez están máis mermados, que o que está a gobernar é o seu partido pero que tamén hai que pedir ao goberno central, xa que se trata de un servizo que depende das dúas entidades, independentemente do partido que sexa. E que o problema é que a reunión xa estaba marcada.

3.- Comenta que nos decretos viu que se certificara o plan dos OCD, e pregunta se quedaron satisfeitos co plan.

A Alcaldesa dille que non ten todos os datos.

José M. Alonso insiste en que certificaron o pago, e pide que polo menos se suba á web o documento.

4.- Pregunta quen era o organizador legal da Festa do cocido que se fixo en febreiro na Praza Roxa.

Resposta Laura García que foi “Espectáculos Miguel”.

Pregunta Alonso Pumar se colaborou o Concello, ao que Laura García resposta afirmativamente.



Comenta José M. Alonso que tamén se celebrou a Festa do Cocido en Feás e que os veciños estaban molestos.

Laura García comenta que se fixeron dúas festas do cocido pero que non se tiñan porque solapar, e que non ve motivo para causar molestias.

5.- José M. Alonso pregunta como está o tema da obra da rúa Menéndez Pidal, a demolición da nave...e pregunta se están adxudicadas. Tamén comenta que falta por licitar a obra da instalación eléctrica da Casa da Cultura.

Ana López di que viñeron os permisos de Costas e Augas de Galicia, e que están pendentes de que Deputación autorice o inicio da obra.

José M. Alonso di que o problema estaba en Costas, xa que a resolución dependía moitas veces do técnico que informara.

6.- Pregunta Alonso Pumar pola subvención nominativa da cuberta do pavillón municipal.

A Alcaldesa dille que solicitou unha reunión co presidente da Deputación para tratar ese tema e outros, pero que aínda non recibiu resposta.

Insiste Alonso Pumar en que se levaron a Pleno dúas subvencións nominativas e que hai que facerlles un seguimento.

Laura García comenta que se solicitou unha subvención paralela relacionada coa enerxía para ese tema.

José M. Alonso dille que lle ía preguntar por iso. Explica que nesa subvención se solicita á Xunta de Galicia unha axuda por importe de 60.000 euros, e que a obra custa case 140.000 euros. E que se a Xunta concede dita subvención, que o Concello ten que aportar o resto, pregunta cómo pensan artellar este tema.

Laura García resposta que irán sobre a marcha, que non querían perder a opción de solicitar a subvención, pero que despois se verá a forma de solventar o tema, e que considera máis importante solicitar a axuda dada a situación na que se atopa o polideportivo. Pregúntalles Laura García por qué non se fixo antes.



Jonathan Miranda explica que nese prazo que se fixeron varios requirimentos pedindo documentación.

A continuación Alonso Pumar formula os seguintes ROGOS:

-Comenta que nunha farola ao lado do Concello que hai unha praca deteriorada, que o viu agora cando se dirixía ao Pleno.

-Indica que se aprobou unha Ordenanza para evitar que cando viñera calquera actividade con publicidade, non se empapelara o pobo con papeis. Que fai pouco que houbo un circo que estivo na Casa da Cultura, e que empapelaron moitas fachadas, por exemplo a do banco BBVA. E que o Concello podería multar, xa que o responsable é o anunciante.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos.

A Alcaldesa
Asdo.- Ana M^a Fernández López

A Secretaria
Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE